



GPIA

## MOCIÓN SOBRE A PUBLICACIÓN DO INFORME XURÍDICO SOBRE A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vistos os antecedentes, a día de hoxe o expediente de contratación do servizo de comedores escolares do Concello de Santiago para o curso 2016-2017 está afectado pola omisión dun informe, unha cuestión que alimenta a inseguridade xurídica, sen que o Goberno Local dea razón ningunha que xustifique a omisión do informe e a conseguinte permanencia desa situación de inseguridade respecto da empresa adxudicataria.

Causa sorpresa que a adxudicación do contrato se realizase sen ter resolto con anterioridade o expediente que se tiña aberto para precisar se a empresa agora adxudicataria puidera ter incorrido nunha retirada indebida da súa oferta nun procedemento de contratación anterior, retirada que puidese dar lugar a unha prohibición para contratar.

Porque, en efecto, meses atrás no marco dun anterior procedemento de licitación para o servizo de comedores escolares nos cursos 2015-2016 e 2016-2017, cando chegaron a retirarse tres empresas en cadea -entre elas a adxudicataria actual-, o Grupo Popular solicitáralle ao Goberno que aclarara as causas deste insólito proceder e que lle requirise documentación ás tres licitadoras retiradas para que motivaran as razóns da súa decisión, requirimento acordado o 2 de decembro pola Xunta de Goberno que non deu lugar de momento á correspondente valoración xurídica.

Así as cousas, o noso Grupo ten manifestado as súas dúbidas sobre este proceso e, xunto coa propia Intervención municipal, tamén ten solicitado un informe xurídico para aclarar se a empresa agora adxudicataria incorreu, no seu momento, nunha causa de prohibición de contratar que, de ser declarada con posterioridade a adxudicación do actual contrato, podería comprometer a prestación do servizo de comedores e dar lugar a unha esixencia de responsabilidades.



En aras de achegar rigor, transparencia, seguridade xurídica e tranquilidade para todas as persoas afectadas por este procedemento, en especial os pais e nais e o propio alumnado, o Grupo Popular presenta para a consideración do Pleno o seguinte

**ACORDO:**

***O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que faga público, á maior brevidade posible, e en todo caso antes de que remate o actual mes de setembro, o informe xurídico no que se analizan e valoran as circunstancias e consecuencias da retirada, no seu momento, da empresa que vén de resultar adxudicataria do servizo de comedores nos centros escolares que dependen do Concello de Santiago e resolva o expediente administrativo iniciado para tal efecto.***

Santiago de Compostela, a 9 de setembro de 2016.

María Corral López  
Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular